

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 19 DE DECEMBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Proxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da comunidade autónoma de Galicia para 2020.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, concesionaria de la Xunta de Galicia, S.A., polo que se regulan as bonificacións da peaxe das autoestradas A Coruña - Carballo (AG-55) e Puxeiros - O Val Miñor (AG-57).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración, así como a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados, entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte e 58 federacións deportivas galegas por importe de catro millóns douscentos setenta e sete mil seiscientos oitenta e catro euros (4.277.684 €).
- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe legalmente establecida nos pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Asociación Liga Noroeste con motivo da organización da liga galega de traíñeiras masculina e feminina da tempada 2020, por importe de cento dez mil euros (110.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza superar a porcentaxe legalmente establecida nos pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Federación Deportiva Galega de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Piragüismo para levar a cabo as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro (Pontevedra), por un importe de cento quince mil euros (115.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 75% derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020, por un importe total de seis millóns catrocentos trinta e seis mil setecentos sesenta e seis euros (6.436.766,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria, por un importe total de catro millóns setecentos quince mil catrocentos cincuenta e oito euros (4.715.458,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Valga para a primeira fase da dotación de servizos e pavimentación na PO-190, desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 0+470, por importe total de trescentos sesenta e catro mil novecientos noventa e cinco euros con cincuenta e dous céntimos (364.995,52 €), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2019-2020, por un importe de novecientos oitenta e nove mil douscentos oitenta e dous euros (989.282€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universitat Autònoma de Barcelona (España) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e sete mil oitenta e tres euros con trinta céntimos (67.083,30 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade do Minho (Portugal) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e cinco euros con oitenta céntimos (63.975,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade do Estado do Río de Janeiro (Brasil) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Salamanca (España) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos anticipados e á conta en porcentaxe superior á recollida no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva para 2020. Total: un millón trescentos vinte e sete mil oitocentos trinta e oito euros (1.327.838,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para eximir da obriga de constituír garantías de acordo co Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade de casas do maior, en réxime de concorrência non competitiva e se procede a súa convocatoria para o ano 2020. Total: seiscentos oitenta e un mil catrocentos doce euros con cincuenta céntimos (681.412,50€).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social para adquirir compromisos de carácter plurianual e a exención das garantías ao abeiro do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola



que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados ou declarados en situación de garda con fins adoptivos no ano 2020 e se procede á súa convocatoria. Importe total: trinta e seis millóns douscentos trinta e nove mil cincocentos setenta e seis euros (36.239.576,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde) para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación ex situ dos recursos zootécnicos autóctonos das razas ovella galega, cabra galega e porco celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga), para a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zootécnicos das razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción, da ovella galega, da cabra galega, da galiña de Mos, e dos seus produtos derivados, fomentando o uso comercial destes como elemento clave para a súa conservación, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe dun millón douscentos sesenta e seis mil euros (1.266.000,00€), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega (Acruga), para a realización dun programa de consolidación e diversificación xenética da raza rubia galega, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de cincocentos setenta mil euros (570.000,00 €), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores da Raza Porco Celta (Asoporcel), para continuar coa execución das actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina porco celta, cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de catrocentos oitenta mil euros (480.000,00€), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Cabalo Galego (Puraga), para a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zootécnicos da raza equina cabalo de pura raza cabalo galego, e o fomento e a promoción dos seus produtos derivados, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe total de douscentos corenta e seis mil euros (246.000,00€), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego (APRG) para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do cabalo de pura raza galego P.R.G., en actividades deportivas, de exposición e ocio, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe total de cento oitenta e nove mil euros (189.000,00€) e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a exención da achega de garantías na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020, por un importe de 41 millóns de euros (41.000.000 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de "Reparación do desprazamento da plataforma da estrada LU-642: Oural (LU-546) - Ferrería do Incio no PQ. 20+390, coa clave LU/19/183.02, por importe total de cento noventa e nove mil oitocentos corenta e tres euros con sesenta e tres céntimos (199.843,63€).
- Informe sobre a extensión a todos os menores de 21 anos da gratuidade do transporte público mediante o uso da tarxeta Xente Nova no eido do Plan de transporte de público de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Informe sobre o plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2019-2020.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o resultado da negociación dos totais admisibles de captura (TAC) e cotas de pesca para 2020.

A NOVA LEI DE MUSEOS AVANZARÁ NA ACCESIBILIDADE, A IGUALDADE E O IMPULSO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NOS CENTROS GALEGOS

- *O Consello da Xunta remite ao Parlamento o proxecto de lei logo de incluír tras o período de alegacións achegas para presentar estas institucións como servizos ao alcance de toda a sociedade e para favorecer o uso das TIC*
- *A Xunta investirá 36M€ ata 2022 para garantir o funcionamento destes centros na Comunidade, que recibiron no último ano máis de 1,5 millóns de visitantes*
- *Esta norma, pioneira no eido autonómico, completa así a articulación legal das institucións culturais de referencia: arquivos, bibliotecas e museos*
- *Desenvolve dun xeito integral o Sistema galego de centros museísticos, que permitirá organizar e coordinar dun xeito máis eficiente o conxunto do sistema*
- *A intención do Goberno galego é que a norma poida estar aprobada no primeiro semestre do ano que vén tras o seu debate e tramitación na Cámara autonómica*

A nova lei de museos e outros centros museísticos de Galicia permitirá avanzar na accesibilidade universal, a igualdade e o impulso das novas tecnoloxías destas dotacións na Comunidade. Logo de superar o trámite de audiencia e información pública e de ter sido sometido aos informes preceptivos, o Consello da Xunta aprobou hoxe este proxecto de lei que agora será elevado á Cámara autonómica para o seu debate e tramitación, coa intención de que a norma poida estar aprobada no primeiro semestre do ano que vén.

No período de alegacións e informe da futura lei incluíronse melloras orientadas a integrar a perspectiva de xénero nestas dotacións, o respecto pola pluralidade e pola participación e colaboración dos diferentes axentes sociais, e por facer destes centros uns espazos plenamente accesibles. Deste xeito, esta regulación atende ás consideracións formuladas pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) e o Consello Económico e Social (CES) e presenta os museos como centros de cultura ao alcance de toda a sociedade, en condicións de igualdade e non discriminación, considerando, ademais, as necesidades dos colectivos con maiores dificultades de inclusión social.

Así mesmo, apóstate pola implementación das novas tecnoloxías nestas dotacións, co dobre obxectivo de facilitar o acceso da cidadanía ao patrimonio museístico, pero tamén co fin de introducir sistemas integrados de información, documentación e xestión que melloren o funcionamento dos centros museísticos. A participación directa do sector realizouse a través dun grupo de traballo constituído no mes de marzo, o que permitiu a participación na fase de redacción do texto de profesionais de recoñecido prestixio e serviu para tomar o pulso da situación e intereses do sector na nosa Comunidade, logrando así unha mellor orientación dos contidos.

Peche dun círculo legislativo no eido cultural

A nova lei impulsada pola Xunta é un texto legal de marcado carácter técnico, que nace co obxectivo de estruturar o funcionamento interno das 93 institucións museísticas de rexistradas na nosa Comunidade, nas cales se inclúen centros de titularidade pública e privada. Ademais, a norma completará a articulación legal das institucións culturais de

referencia, logo da posta en marcha da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, e a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Tamén supón a actualización do marco normativo dos centros museísticos da Comunidade, de acordo co recollido na norma legal que rexe no noso patrimonio Cultural: a Lei 5/2016.

Así pois, o obxectivo desta nova lei é impulsar os museos galegos, que recibiron no último ano máis de 1,5 millóns de visitantes, como activos de referencia no plano social, científico, educativo e económico. Con esta finalidade, a Xunta investirá 36 millóns de euros ata 2022 para garantir o funcionamento destas dotacións. Dentro dese importe, inclúense preto de dez millóns que se destinarán á programación de actividades dos centros museísticos galegos.

Coordinación, colaboración e complementariedade

O proxecto de lei define cada unha das tipoloxías que integran o concepto máis amplo e xenérico de centro museístico (museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural de Galicia) e delimita as condicións necesarias para a súa creación, así como aspectos organizativos e de xestión. Ademais, regula toda unha serie de medidas de dinamización neste ámbito e, finalmente, describe e fixa o réxime sancionador aplicable.

A lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico destas institucións de interese para a Galicia, así como o establecemento do Sistema galego de centros museísticos, presidido polos principios de coordinación, colaboración e complementariedade, cuxo fin é a mellora da organización e funcionamento dos centros que o integran.

Deste xeito, a nova norma, promovida pola Consellería de Cultura e Turismo, lexislará por vez primeira o papel dos museos e ofrecerá un marco xurídico en que teñan cabida, non só as distintas realidades museísticas de Galicia, senón tamén a súa pluralidade tipolóxica e temática: etnográfica, arqueolóxica, casas-museo, ecomuseos etc., amosando estas institucións como o que son: activos de referencia no plano cultural, investigador, educativo e económico.

Sistema galego de centros museísticos

Este texto legal inclúe a creación do Sistema galego de centros museísticos. Trátase dun anovador sistema que será a estrutura organizativa e funcional de integración dos centros e redes museísticas da Comunidade Autónoma; concibido, dentro do máximo respecto á súa autonomía, para unha coordinación eficiente da xestión cultural e científica dos centros. Estará formado, por unha banda, por un órgano administrativo de dirección e coordinación, o Consello de Centros Museísticos de Galicia e, ademais, polos diferentes museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural debidamente autorizados que se integren neste sistema.

Formar parte do sistema leva asociados unha serie de beneficios, tales como a participación en liñas concretas de axudas que poidan establecerse, a prioridade no acceso a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

determinadas accións colaborativas e formativas, así como na recepción de depósitos ou participación en accións de promoción cultural e turísticas, entre outros.

Así mesmo, facilítase a creación de redes de centros museísticos para mellorar a cooperación e o aproveitamento transversal dos medios de que dispoñen, co fin de incrementar a súa eficacia no cumprimento das súas funcións. As redes constituirán subsistemas operativos para o funcionamento e organización do Sistema galego de centros museísticos. Estableceranse redes atendendo ao ámbito territorial, titularidade, contido temático e discurso museolóxico e a participacións nelas terá carácter voluntario.

A XUNTA PUBLICARÁ 187 ESTATÍSTICAS EN 2020, CON NOVAS ANÁLISES SOBRE TERRITORIO, POBOACIÓN, SOCIEDADE OU TECNOLOXÍA

- *Son catro estatísticas máis que neste ano 2019*
- *O programa inclúe 149 estatísticas e 38 actuacións para avanzar na difusión de toda a información dispoñible sobre Galicia*
- *Seguirán a executarse as grandes enquisas como a EPA ou a Enquisa estrutural a Fogares*
- *As operacións permitirán afondar en principios como a imparcialidade, a obxectividade e a transparencia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico da Comunidade Autónoma para 2020, a través do cal a Xunta realizará o vindeiro ano 187 estatísticas, catro máis que neste ano. Delas, 149 céntranse no territorio, poboación, sociedade, estrutura produtiva e tecnoloxía, con resultados que aumentan a oferta informativa para Galicia, proporcionada polos sistemas estatísticos estatal e europeo. As 38 actuacións restantes permitirán afondar na difusión de toda a información dispoñible sobre Galicia.

No ámbito social, en concreto, algunhas das novidades céntranse en afondar na discriminación por xénero e na fenda salarial, nos indicadores migratorios, nas proxeccións demográficas ou na inserción laboral.

No plano económico procurarase nova información sobre entidades fornecedoras de servizos sociais, vacantes nas empresas, capacidade produtiva dos servizos, ocupación na pesca e cadea forestal. Pola súa parte, o sistema de contas porá o foco nos fogares e na matriz de contabilidade social.

As enquisas e o Plan estatístico 2017-2021

O IGE seguirá a realizar durante o período as grandes enquisas dos programas anteriores, nomeadamente, a enquisa de poboación activa (EPA) e a enquisa estrutural a fogares (EEF), que completarán a súa difusión con información sobre o benestar social e flexibilidade nas condicións de traballo.

Este é o cuarto programa do Plan estatístico 2017-2021, que consolida e amplía os logros dos anteriores a fai unha aposta decidida pola calidade.

O IGE e os órganos estatísticos das distintas consellerías da Xunta de Galicia asumen expresamente con este plan o código de conduta adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo. Polo tanto, a organización estatística de Galicia queda sometida aos seus principios e o Goberno galego a impulsalos e respectalos. Algún destes principios son a imparcialidade, a obxectividade e a transparencia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 4,7 MILLÓNS DE EUROS PARA RENOVAR AS BONIFICACIÓNS DAS PEAXES DAS AUTOESTRADAS DA CORUÑA-CARBALLO E DO VAL MIÑOR ATA O ANO 2023

- *O Goberno galego dálles continuidade aos descontos aplicados nas dúas autoestradas nos itinerarios de volta no mesmo día, e en horario nocturno, que son acumulables entre si*
- *O Executivo autonómico incorporará ao convenio autorizado hoxe unha nova axuda para familias numerosas, tras a aprobación da Lei de impulso demográfico*
- *Nos dous primeiros meses desde a súa implantación aplicouse o desconto nocturno do 50% a case 33.800 desprazamentos*
- *As tarifas das autoestradas de titularidade autonómica manteranse conxeladas en 2020, agás en dous treitos e vehículos pesados, e continúan entre as máis baratas de España*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo convenio de colaboración entre o Goberno galego e Autoestradas de Galicia S.A para renovar as bonificacións das peaxes nas dúas autoestradas autonómicas ata o ano 2023, cun investimento de 4,7 millóns de euros.

O Goberno galego dálle así continuidade ao réxime de bonificacións de peaxe para itinerarios frecuentes, de volta no mesmo día, e os descontos por treito en horario nocturno aplicables ás peaxes vixentes nas autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57). Estas dúas bonificacións son acumulables entre si.

Nos vindeiros días asinarase o convenio aprobado hoxe polo Executivo autonómico, para a entrada en vigor dos seus efectos o día 1 de xaneiro de 2020, dando deste modo continuidade ás bonificacións que se aplican actualmente nestas autoestradas.

A Xunta manterá conxeladas en 2020 as súas tarifas, salvo en dos únicos traxectos, en ambos os casos para vehículos pesados.

Ademais, no ano 2020, e tras a aprobación da Lei de impulso demográfico, o Goberno galego prevé incorporar a este convenio unha nova bonificación, neste caso para familias numerosas, tal e como prevé a normativa autonómica.

Bonificacións nas autoestradas

A achega económica da Xunta sustenta dous tipos de bonificacións aos usuarios. A primeira delas foi implantada no ano 2010 para os usuarios habituais das dúas autoestradas. Estas axudas posibilitan rebaixar para os días hábiles un 25% o importe da viaxe de volta dun traxecto de ida e volta, e o 50% no segundo e posteriores viaxes de volta en ambas as dúas autoestradas, para vehículos lixeiros e pesados, cando o usuario empregue o dispositivo de telepeaxe.

A segunda das bonificacións, que é unha novidade implantada en outubro deste ano 2019, é neste caso do 50% en horario nocturno, entre as 0.00 e as 6.00 horas da mañá, que se aplicará a todos os vehículos, lixeiros e pesados, que contén cun sistema de pagamento con telepeaxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En ambos os casos o importe desas bonificacións descóntaselle ao cidadán e asúmeo a Xunta, e o aforro repercute directamente nos usuarios destas autoestradas.

A modo de exemplos prácticos, para unha persoa que realiza 4 viaxes ao día en vehículo lixeiros nun día laborable, o custo do traxecto na autoestrada A Coruña-Carballo baixa de 10,20 a 8,28 euros, e no caso do usuario da autoestrada Vigo-Baiona, redúcese de 6,80 a 5,55 euros. No caso dos vehículos de carga que aproveiten a bonificación nocturna, o custo do traxecto de ida e volta no caso da autoestrada A Coruña-Carballo baixará de 10,20 euros sen bonificación a 4,46 euros, e no traxecto Vigo- Baiona, de 6,80 a 2,97 euros.

Desde a súa implantación o pasado mes de outubro e ata o 30 de novembro, os descontos nocturnos permitiron bonificar case 33.800 viaxes nocturnas.

As máis baratas

A Xunta conta coas autoestradas de peaxe con tarifas das máis baixas de España e con estas bonificacións búscase aumentar aínda máis a competitividade das zonas da área de Vigo e entre A Coruña e Carballo. Trátase de facer máis asumible o tránsito aos usuarios que todos os días van e volven por estas vías de altas prestacións, ao tempo que captar o máximo tráfico posible cando a infraestrutura está máis infrautilizada, que é polas noites.

Esta iniciativa do Goberno galego susténtase tamén na coherencia coas demandas trasladadas ao Ministerio de Fomento en relación coa flexibilización de peaxes na AP-9.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DOS CONVENIOS ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E AS 58 FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS QUE NESTE 2020 ACADAN 4,4 MILLÓNS DE EUROS

- *Os 58 convenios de colaboración que o Goberno galego asinará coas respectivas federacións deportivas mais o convenio para o mantemento de Verducido ascenden a un importe de 4.392.684 euros, un 2% máis que en 2019 cando foron 4.306.002 euros e sendo de novo a dotación económica máis elevada desde o ano 2011*
- *Ademais, o Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan desfrutar destes anticipos*

O Consello da Xunta deu luz verde aos 58 convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinará coas respectivas federacións deportivas, e que ascenden a un importe de 4.392.684 euros (sumando a contía do convenio coa Federación Galega de Piragüismo para o mantemento, conservación e mantemento do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido), o que representa un aumento do 2% con respecto a 2019 (4.306.002 euros) sendo, de novo, a dotación económica máis elevada desde o ano 2011. Ademais, o Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan desfrutar destes anticipos.

Os 4.392.684 euros son distribuídos atendendo a criterios obxectivos, como son o número de licenzas totais, licenzas femininas e licenzas de deportistas con discapacidade existentes na federación, o número de clubs participantes en competicións oficiais, os de campionatos de España e competicións internacionais organizadas, os deportistas da federación que formen parte das seleccións deportivas, o número de deportistas galegos de alto nivel ou de deportistas de alto nivel da federación ou, entre outros criterios obxectivos, as actividades de promoción e fomento realizadas nas actividades en idade escolar.

Os 58 convenios autorizados na sesión de hoxe son os das federacións deportivas galegas de actividades subacuáticas (18.556 euros), aeronáutica (13.480 euros), atletismo (230.387 euros), automobilismo (189.878 euros), bádminton (103.032 euros), baloncesto (252.102 euros), balonmán (189.614 euros), béisbol e sófbol (2.403 euros), billar (20.094 euros), birlos (23.457 euros), boxeo (31.465 euros), caza (30.329 euros), chave (5.894 euros), ciclismo (185.941 euros), colombicultura (3.332 euros), colombofilia (7.273 euros), deporte adaptado (79.495 euros), deportes de inverno (8.438 euros), esgrima (33.976 euros), espeleoloxía (13.983 euros), esquí náutico (8.799 euros), fútbol (255.133 euros), golf (45.367 euros), halterofilia (54.196 euros), hípica (70.448 euros), hóckey (15.494 euros), judo e deportes asociados (141.904 euros), karate e deportes asociados (68.121 euros), kickboxing (19.899 euros), loita e deportes asociados (112.858 euros), montañismo (30.480 euros), motociclismo (60.380 euros), motonáutica (29.484 euros), natación (158.415 euros), orientación (26.338 euros), pádel (39.426 euros), patinaxe (55.642 euros), pelota (10.774

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

euros), pesca e casting (15.021 euros), petanca (12.656 euros), piragüismo (324.195 euros), remo (109.283 euros), rugby (46.757 euros), salvamento e socorrismo (20.111 euros), squash (37.591 euros), surf (33.947 euros), taekwondo (121.110 euros), tenis (106.254 euros), tenis de mesa (40.644 euros), tiro ao voo (6.357 euros), tiro con arco (45.014 euros), tiro olímpico (41.710 euros), triatlón e péntatlon moderno (170.615 euros), vela (251.069 euros), voleibol (85.277 euros), xadrez (57.177 euros) e ximnasia (74.669 euros).

Outras liñas de colaboración

Neste 2020 e xunto a estes convenios, as federacións deportivas galegas poderán optar a outras liñas de colaboración coa Xunta de Galicia. Así, as federacións deportivas serán convidadas a participar dos novos contratos de patrocinio federativos grazas á colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade para a realización de campañas de sensibilización contra a violencia de xénero e a actividades deportivas e de formación neste ámbito, así como outras liñas de patrocinio xeradas do Xacobeo 2021. Así mesmo, subscribiranse tamén neste ano contratos específicos para a celebración de eventos deportivo de especial relevancia e a orde de adquisición de equipamento deportivos que, para esta tempada, se incrementa nun 16,6% tras o incremento do 107% rexistrado en 2019.

O CONSELLO AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS

- ***A organización da LGT masculina e feminina alcanzará un importe máximo de 110.000 euros; sendo 90.000 euros o consignado en 2018***

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste con motivo da organización da Liga galega de traíñeiras masculina e feminina da tempada 2020 que neste ano alcanzará un importe máximo de 110.000 euros, o mesmo importe adxudicado en 2019 e que representa unha subida do 22% con respecto ao consignado en 2018 cando se destinaron 90.000 euros. Naquel momento, o importe total tamén se incrementara nun 12,5% con respecto a 2017.

A Asociación Liga Noroeste é a responsable da organización da Liga galega de traíñeiras, que tanto na categoría masculina como na feminina é a competición desta modalidade de remo que aglutina todos os clubs que participan nesta actividade en augas galegas.

Deste xeito, o obxecto do convenio autorizado hoxe é establecer os mecanismos de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste para a organización e desenvolvemento da Liga galega de traíñeiras correspondente á tempada 2020.

Con este convenio a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva, no ano 2020, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego.

Na tempada 2019 que vén de rematar, 28 clubs competiron na Liga galega de Traíñeiras. Doce deles na Liga A: SD Tirán-Pereira, Samertolameu, Vilaxoán, Amegrove, Rianxo, Ares, Bueu-Teccarsa, Puebla, Mecos-Mondariz, Meira, Muros e Cabo da Cruz na Liga A. Outros dez na Liga B: Cedeira, Vila de Cangas, Esteirana, A Cabana-Ferrol, Salgado-Perillo, Mugardos, CCD Cesantes, Castropol, Chapela e Coruxo na Liga B. E cinco máis na Liga feminina: Cabo de Cruz, Mugardos, Salgado-Perillo, S.D. Tirán-Pereira, Club Remo Mecos-Coruxo e Club Remo Chapela.

Ata o día 11 de xaneiro do vindeiro ano, unha vez realizadas as preinscricións na Liga galega de traíñeiras, non se coñecerán os equipos participantes na tempada 2020.

AUTORIZADO O CONVENIO ENTRE XUNTA E FEGAPI PARA VERDUCIDO QUE, SUMADO AO CONVENIO COA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, REPRESENTA O MAIOR FINANCIAMENTO DA FEDERACIÓN NA SÚA HISTORIA

- ***Para o cumprimento deste convenio, que estará vixente ata o 31 de decembro de 2020, a Secretaría Xeral para o Deporte concederá á Federación unha subvención de 115.000 euros, o mesmo importe que en 2019 e un 9,5% máis que a cantidade consignada en 2018 (105.000 euros)***
- ***A Federación Galega de Piragüismo recibirá neste ano 2020 o maior orzamento da súa historia por parte da Secretaría Xeral para o Deporte e acadará os 439.195 euros grazas ao convenio de Verducido e aos 324.195 euros para a realización dos programas de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva, un 4% máis que en 2019***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Piragüismo (Fegapi) para levar a cabo as actividades de mantemento e conservación do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, O Pontillón do Castro, no concello de Pontevedra, así como para os gastos de funcionamento destas instalacións pola cesión outorgada pola Secretaría Xeral para o Deporte á Federación de Piragüismo. Para o cumprimento deste convenio, que estará vixente ao longo de todo o ano 2020, a Secretaría Xeral para o Deporte concederá á Federación unha subvención de 115.000 euros, o mesmo importe que o destinado en 2019 e un 9,5% máis que en 2018 cando se consignaron a este respecto 105.000 euros. Esta cantidade xa reflectía unha suba do 5% respecto ao consignado en 2015 e 2016 cando se destinaron 100.000 euros.

Deste xeito dáse cumprimento á competencia exclusiva da Comunidade Autónoma establecida no Estatuto de autonomía da promoción do deporte (artigo 27.22), e correspóndelle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes. No exercicio desta competencia, a Xunta de Galicia proxectou e executou a obra de construción do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, co obxectivo de destinarse á formación, preparación e especialización dos deportistas galegos da modalidade do piragüismo. O Complexo Náutico debe ser xestionado de tal xeito que garanta o seu máximo rendemento deportivo, a través da aplicación de acertados programas técnico-deportivos que abarquen desde a base ao alto rendemento, garantindo un contexto idóneo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos nos ámbitos deportivo, pedagóxico e social.

Ademais da mellora da tecnificación e rendemento no piragüismo de Galicia, cómpre optimizar o centro para a consecución de melloras similares en todas aquelas modalidades deportivas que poidan beneficiarse do uso destas instalacións polas súas características específicas e posibilidades que ofrecen. Deste xeito, o 10 de agosto de 2017 a Secretaría Xeral para o Deporte asinaba un convenio de colaboración coa Federación Galega de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Piragüismo polo cal se lle outorgaba a concesión do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, O Pontillón do Castro, por un período de cinco anos, prorrogables por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de 75 anos.

Ademais das funcións establecidas no convenio e que se cinguen ao mantemento, conservación e funcionamento do complexo deportivo, a Federación Galega de Piragüismo deberá velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na Lei 19/2007 do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte; colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da Lei 3/2012, do 2 de abril; posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade, relixión e nivel de rendemento, con especial atención ás actuacións correspondentes ao programa de deporte en idade escolar; velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte; velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte; fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos con especial atención á poboación en idade escolar; ou garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.

Ademais, grazas a aprobación no Consello da Xunta da sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e as 58 federacións deportivas galegas por importe de 4.277.684 euros, a Federación Galega de Piragüismo recibirá neste ano 2020 o maior orzamento da súa historia por parte da Secretaría Xeral para o Deporte que acadará os 439.195 euros. Esta contía obtense da suma dos 115.000 euros para Verducido máis os 324.195 euros que recibe en 2020 a Federación Galega de Piragüismo para a realización dos programas de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva, un 4% máis que en 2019.

A XUNTA INCREMENTA NUN 20% AS AXUDAS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE E A PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO QUE ACADARÁ OS 6,4 MILLÓNS DE EUROS

- ***O orzamento total da convocatoria para 2020 supera os 6,4 millóns de euros, cun primeiro pagamento anticipado do 75% da contía da subvención***
- ***As axudas están destinadas ao fomento da conciliación; á promoción da igualdade e á prevención de violencia de xénero ou ao apoio aos centros de información ás mulleres (CIM)***
- ***A orde inclúe desde o ano pasado un novo programa, financiado ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, de sensibilización, información e difusión sobre prevención da violencia contra as mulleres***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión de anticipos do 75% da convocatoria para 2020 das subvencións concedidas polo Goberno galego ás entidades locais para a promoción da igualdade e a prevención e tratamento da violencia de xénero, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

A Xunta destinará a estas axudas un importe de máis de 6,4 millóns de euros, o que supón un incremento do 20% respecto aos 5,3 millóns investidos en 2019. A convocatoria vai dirixida a entidades locais como concellos, consorcios, así como mancomunidades, agrupacións ou asociacións de concellos.

Ao abeiro desta convocatoria, a Xunta financia actuacións de catro programas: fomento da conciliación; promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero; apoio aos centros de información ás mulleres (CIM); e sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres.

A primeira liña de axudas é o programa de fomento da conciliación, destinada para que os concellos poidan tomar medidas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras. Contará en 2020 cun orzamento de 800.000 euros. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 12.000 euros no caso de solicitude individual, e ata 22.000 euros se é conxunta entre varios concellos.

O segundo programa financiado no marco destas subvencións é o de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, grazas ao cal as entidades locais poderán subvencionar accións orientadas a previr a violencia de xénero e mellorar a situación das vítimas, das súas fillas e fillos, e das persoas delas dependentes. Tamén se inclúen medidas coas cales loitar contra a explotación sexual en xeral e a prostitución en particular. Esta liña recibirá en 2020 un investimento de 352.000 euros e a contía máxima para cada entidade local será de 10.000 euros nas solicitudes individuais, e ata 20.000 euros se se presentan de forma conxunta.

A terceira das liñas de axudas ten como obxectivo apoiar a rede de centros de información ás mulleres (CIM), integrada por 82 centros na nosa Comunidade. O Goberno galego

subvenciona a través deste programa a creación de postos de traballo para cargos de dirección, asesoramento xurídico ou atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero, para atender mulleres en situación de vulnerabilidade. A aportación da Xunta neste programa ascende este ano aos 4,5 millóns de euros, un 31% máis que en 2019. Cada entidade local pode recibir como máximo, a través desta liña unha axuda de 45.000 euros e ata 120.000 euros no caso das peticións conxuntas.

Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

O ano pasado engadiuse como novidade un novo programa, financiado polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que seguirá tamén en 2020, e a través do que se levan a cabo medidas de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. Na orde de axudas do próximo ano a Xunta destinará de novo 800.000 euros a estas actuacións, que contarán cun importe máximo de 8.000 euros se se trata dunha petición individual e de 10.000 se é unha solicitude para a xestión compartida.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 4,7M € A AXUDAS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DESTINADAS A ONGD E OUTROS AXENTES

- ***A convocatoria plurianual 2020-2021 incrementa o seu orzamento en máis dun 34% respecto á orde anterior***
- ***As subvencións permiten o financiamento dun máximo de dous proxectos sempre que un deles se execute nun dos países definidos como prioritarios no IV Plan Director da Cooperación Galega***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde de axudas para a execución de proxectos de cooperación o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, por importe de 4,7 millóns de euros, o que supón un incremento dun 34,7 por cento con respecto aos 3,5 millóns de euros da anterior convocatoria.

A convocatoria terá carácter plurianual (2020-2021), polo que se repartirán entre os beneficiarios 1,8 millóns de euros o próximo ano e os 2,8 millóns restantes en 2021. As entidades beneficiarias poden ser tanto ONGD como universidades, empresas, sindicatos, comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento. Para as iniciativas no exterior de ONGD destínanse máis de catro millóns de euros, e aos proxectos no exterior doutros axentes, 700.000 euros.

Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, poderanse financiar como máximo dous proxectos, ben sexan individuais ou en agrupación, posibilidade que se abre tamén este ano para os outros axentes de cooperación, e non só para as ONGD, como ocurría nas convocatorias de anos anteriores.

Para optar a axudas para dous proxectos, polo menos un deles ten que ser executado nun país definido como prioritario para a Cooperación Galega, que na actualidade son Nicaragua, Guatemala, Honduras, El Salvador, República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique, Guinea Bissau e Cabo Verde.

A través da orde financiaranse actuacións destinadas a favorecer o desenvolvemento integral dos países de intervención e mellorar as condicións de vida dos seus habitantes corrixindo as situacións de pobreza e creando redes de solidariedade. A Xunta apoiará con estas axudas actuacións para dar cobertura ás necesidades sociais básicas coa prestación de servizos públicos como a educación, a saúde ou a investigación, ademais do abastecemento de auga e o saneamento ou a xestión dos recursos hídricos.

O Goberno galego tamén promoverá o fomento do tecido produtivo e a posta en marcha de iniciativas empresariais que favorezan o crecemento económico, en especial en sectores como a agricultura, o desenvolvemento rural, a pesca e a acuicultura. Ao mesmo tempo, financiaranse actuacións que promocionen a igualdade entre homes e mulleres e baseados na defensa dos grupos de poboación máis vulnerables.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VALGA PARA O ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PO-190, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 365.000 EUROS

- *As actuacións desenvolveranse no treito desta vía comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+470*
- *Os traballos centraranse na renovación da rede de augas pluviais na súa totalidade, solucionando así as carencias que presenta na actualidade*
- *Tamén se renovarán as redes de abastecemento e iluminación e se soterrarán a rede eléctrica e tramos da telefónica*
- *Levaranse a cabo a reconstrución das beirarrúas, a execución de varios muros, a rehabilitación do pavimento da calzada e a substitución da sinalización*
- *No que se refire ás obrigas, a Xunta financiará as obras e o Concello de Valga executaraas e asumirá a transferencia da titularidade do treito*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Valga para executar a primeira fase do acondicionamento da estrada PO-190. O Goberno galego financiará este proxecto mediante a achega dun investimento de case 365.000 euros.

As actuacións desenvolveranse no treito desta estrada autonómica comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+470. Os traballos centraranse na renovación da rede de augas pluviais na súa totalidade, solucionando así as carencias que presenta na actualidade. Tamén se renovarán as redes de abastecemento e iluminación e se soterrarán a rede eléctrica e tramos da telefónica.

Ademais, levaranse a cabo a reconstrución das beirarrúas; a execución de varios muros, tanto de sostemento da estrada como de contención de terras; a rehabilitación do pavimento da calzada e a substitución da sinalización horizontal e vertical.

No que se refire ás obrigas de ambas as administracións, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade financiará as obras que forman parte deste proxecto e o Concello de Valga executará os traballos e asumirá a transferencia da titularidade do treito. Neste sentido, o decreto para o cambio de titularidade do citado tramo será elevado nas próximas semanas ao Consello da Xunta para a súa aprobación.

O Executivo autonómico continúa apostando pola colaboración cos municipios para resolver as súas carencias en materia de infraestruturas e incrementar neste caso a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios nesta estrada.




XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



EDUCACIÓN ELEVA A 5,5 M€ O APOIO Á ACTIVIDADE INVESTIGADORA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda de 1 millón de euros, que supón incrementar as partidas das accións estratéxicas de I+D+i recollidas no convenio coa USC para o período 2019-20***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional eleva ata 5,5 millóns de euros o apoio á actividade investigadora da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2019-2020, preto de un millón de euros máis do previsto inicialmente.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura desta addenda -por un importe de 989.282,00 euros- ao convenio de colaboración asinado o pasado setembro entre a Consellería de Educación e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i, e que estaba inicialmente dotado con 4.510.771,00 euros para o período 2019-20. Con este reforzo, a contía final total dese convenio para o mesmo período bianual ascenderá a 5.500.053,00 euros.

A addenda aplicarase para o ano 2020, polo que para ese ano se reestruturan á alza algunhas das accións previstas no convenio e se incorporan outras novas que non estaban previstas, ao dispoñer agora dunha cantidade de 2.684.395 €, fronte á dotación inicial de 1.695.113 € para o vindeiro exercicio.

Con esta addenda mellóranse os orzamentos previstos para as áreas de dotación de infraestruturas, de accións piloto de institutos de investigación, accións transversais de apoio á I+D e de acción estratéxica do campus de Lugo.

Precisamente, a maior parte do orzamento da addenda (300.150 euros) vai destinadas ao campus de Lugo, distribuído para os laboratorios do grao de Robótica (117.650 euros), o plan piloto de implantación do grao de Empresa e Tecnoloxía (100.000 euros), para a oficina técnica do campus (59.500 euros), ou para programas de formación de experimentación animal e actividades de XuvenCiencia 2020, entre outros.

Outros 295.000 euros van destinados ao mantemento e á renovación de infraestruturas científico-técnicas básicas de interese xeral, que inclúe equipamento tecnolóxico para a Rede de infraestruturas de apoio á investigación e ao desenvolvemento tecnolóxico (RIAIDT) en Santiago e en Lugo, para a área de Xenómica no campus lugués e para os laboratorios de Radiofísica e Medicina en Santiago, entre outros.

As accións piloto de apoio á investigación (bolsas de iniciación á investigación e proxectos de investigación entre dous ou máis grupos) acaparan un total de 231.000 euros, mentres que os 163.000 euros restantes se destinan a accións transversais de apoio á I+D como son a redacción do proxecto básico de instalacións do IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías), o cofinanciamento dos contratos de persoal técnico de I+D, programa de acollida,



formación transversal e titorización da carreira para investigadores pre e posdoutorais, e dinamización e apoio á iniciativa emprendedora universitaria, entre outros.

Antecedentes

O convenio asinado en setembro, que agora se reforza, tiña como obxectivo o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

As actuacións incluídas ao abeiro dese acordo centrábanse no mantemento e renovación de infraestruturas científico-técnicas, accións singulares en centros de investigación, fortalecemento da I+D en matemáticas, impulso da investigación en ciencias sociais e humanidades, e accións estratéxicas no Campus da Cidadanía (Santiago) e no Campus de Lugo, e no grao de Biotecnoloxía, entre outros.

A XUNTA IMPULSA O ESTUDO DO GALEGO EN BARCELONA, SALAMANCA, PORTUGAL E BRASIL A TRAVÉS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES

- ***Grazas a estes acordos, nos cales se investirán máis de 200.000 euros, ofertaranse materias para os alumnos ata o 2022***
- ***Na actualidade o galego é obxecto de estudo en 36 universidades internacionais***

A Consellería de Cultura e Turismo renovará a súa colaboración coas universidades de Barcelona, Salamanca, Minho (Portugal) e Río de Janeiro (Brasil) para promocionar a lingua, literatura e cultura galegas no ámbito académico destes centros, así como na súa área de influencia, a través de tres convenios que se estenderán ata o 2022 e que suman un investimento superior aos 200.000 euros.

En virtude deste acordo, a Universitat Autònoma de Barcelona ofertará aos seus alumnos do Departamento de Filoloxía Francesa e Románica galego como Idioma moderno I e II, Historia social da lingua galega, Literatura galega e Cultura e sociedade galegas, todas elas con seis créditos ECTS e de carácter semestral. A Xunta investirá máis de 67.000 euros a través dun acordo que se estenderá ata o 31 de agosto de 2022.

No caso da Universidade de Salamanca, ofertarase Literatura galega actual e Galego I e II como terceira lingua. De carácter trimestral, cada unha delas alcanzará tres créditos aos alumnos que as cursen. Ademais, ao abeiro deste convenio, tamén se impartirá a asignatura Literatura galega e outras artes, que neste caso será obrigatoria para os alumnos do cuarto curso do Grao de Portugués. O importe do convenio achégase aos 60.000 euros e terá vixencia ata o 30 de setembro de 2022.

Por outra banda, a Universidade do Minho, a través do Instituto de Letras e Ciências Humanas, ofertará o Curso Livre de Galego I e Curso Livre de Galego II, ambas con carácter extracurricular; Literatura e Cultura Galegas, con carácter opcional para as licenciaturas de Estudos Portugueses e Lusófonos e Línguas e Literaturas Europeas, e Lingua e Cultura da Galiza, para múltiples licenciaturas. Neste caso, a achega da Administración autonómica ascende a preto de 64.000 euros para este convenio, con vixencia ata o 30 de setembro de 2022.

Por último, no que respecta á Universidade do Estado do Río de Janeiro (Brasil), a actividade docente traducirase en ofertar, a través do Programa de Estudos Galegos do Instituto de Letras a materia de Literatura Portuguesa I, de carácter obrigatorio, as materias optativas Introdução à Cultural Galega, Língua Galega I e Literatura Galega II, cunha carga lectiva de 30 horas e dous créditos cada unha, e disciplinas de posgrao inscritas na liña de pesquisa Literatura Portuguesa e outras literaturas. A achega da Consellería de Cultura e Turismo para esta universidade é de 12.000 euros ata o 31 de decembro de 2022.

A maiores destas materias, as catro universidades organizarán actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura, da cultura galegas e do Xacobeo 21, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos etc. Ademais, durante a vixencia de cada un dos convenios, acollerán o lector que destinará a Xunta de Galicia, e adquirirán o material preciso para realizar as ditas accións.

Ademais da achega económica, a Consellería de Cultura e Turismo prestará a orientación e o apoio pedagóxico e didáctico que demanden as universidades e difundirá as actividades desenvolvidas ao abeiro deste acordo. Cómpre destacar que, dentro destas tres universidades, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación do convenio.

A lingua galega, presente en 36 universidades

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 36 universidades internacionais. Dentro delas, 27 contan con lectores –licenciados en Filoloxía Galega–, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os Centros de Estudos Galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades fóra da Comunidade é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

A XUNTA INVESTIRÁ 1,3 MILLÓNS DE EUROS PARA POÑER EN MARCHA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE CASAS DO MAIOR E DUPLICAR O SEU ALCANCE

- ***Rematarase a lexislatura con 60 centros en funcionamento***
- ***Os concellos que poden solicitar este servizo pasarán a ser todos aqueles que non teñan un centro de día ou servizo similar, aínda que seguirán primando as localidades pequenas***
- ***Amplíase o perfil dos usuarios, para que poidan acudir non só as persoas dependentes de grao I e II, senón calquera maior***
- ***Tamén se permite que as persoas promotoras asuman os desprazamentos dos usuarios desde as súas casas ao centro e viceversa***

O Consello da Xunta vén de aprobar un investimento de máis de 1,3 millóns de euros para poñer en marcha unha nova convocatoria de casas do maior e duplicar o seu alcance para rematar a lexislatura con 60 centros. Así, dos fondos totais destinaranse 830.000 euros á adecuación das casas, cun límite de 15.000 euros por centro; e 500.000 euros para o seu funcionamento diario, con 19.600 euros ao ano por cada casa do maior.

Ademais, nesta nova convocatoria introduciranse algunhas novidades. Ampliarase o número de concellos que poden solicitar unha casa do maior, pasando de ser as localidades de menos de 5000 habitantes a todos aquelas que non teñan no seu termo municipal un centro de día ou servizo similar, aínda que para a concesión do servizo se seguirán primando os concellos pequenos. Tamén abre o perfil das persoas que poden acudir a un centro deste tipo xa non serán só os dependentes de grao I e II, senón que poderán facelo persoas maiores autónomas, de xeito que se facilite a conciliación das súas coidadoras. Por último, ás persoas promotoras das casas do maior permitiráselles asumir os desprazamentos dos usuarios desde as súas casas ao centro e viceversa.

Segundo a filosofía das casas niño, as casas do maior funcionarán durante un máximo de oito horas diarias de luns a venres, agás festivos e o mes de vacacións, durante o cal permanecerán pechadas. Ofrecerán flexibilidade horaria ás persoas usuarias e os seus responsables deberán ter formación ou experiencia profesional específica.

A XUNTA DE GALICIA AMPLIARÁ ATA OS CATRO ANOS A TARXETA BENVIDA PARA AS FAMILIAS ESPECIALMENTE VULNERABLES

- ***Incrementábase un 25% a contía da axuda para as familias que vivan en concellos de menos de 5000 habitantes***
- ***Duplicábase a cantidade que perciben as familias polo seu terceiro fillo e sucesivos durante o primeiro ano, ata acadar os 2400 euros anuais***
- ***No caso das familias que vivan no rural, a contía por terceiro fillo elévase ata os 3000 euros***
- ***Amplíase ata os tres meses o prazo de presentación de solicitudes para os galegos no exterior que volvan a Galicia***

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde hoxe a un investimento de máis de 36,2 millóns de euros para que as nenas e nenos nados en 2020 teñan acceso á Tarxeta Benvida, axuda directa para contribuír a sufragar os custes que trae consigo o chegada dun novo membro á familia. Desde a súa creación en 2016, a Tarxeta Benvida xa chegou a 53.000 familias e o investimento acumulado nela supera os 60 millóns de euros.

Este ano introdúcense catro novidades importantes que afectan tanto á contía da axuda como a súa duración. En primeiro lugar, incrementábase un 25% para as familias que vivan en concellos de menos de 5000 habitantes, para apoiar os fogares con fillos no rural. En segundo lugar, duplicábase a cantidade que perciben as familias polo seu terceiro fillo e sucesivos durante o primeiro ano, de xeito que recibirán 2400 euros anuais. Esta cantidade elevarase ata os 3000 euros en caso de que vivan nun concello rural. E a terceira novidade é que se amplía o prazo de presentación de solicitudes para os galegos no exterior que retornen a Galicia, os cales contarán con tres meses desde o seu regreso para pedir a Tarxeta Benvida, un mes máis ca ata agora.

A cuarta mellora é que a partir do ano que vén a Tarxeta Benvida poderá cobrarse ata que a nena ou neno teña catro anos para as familias en situación de especial vulnerabilidade e que solicitasen unha prestación pública de protección social e esta estea en fase de tramitación. Trátase de que non queden desprotexidas mentres non estean a cobrar esta axuda. Esta nova posibilidade responde a unha proposta que fixeron as entidades sociais durante o período de exposición pública da Lei de impulso demográfico e que se decidiu tomar en consideración.

Pedila desde o embarazo

Estas novidades súmanse ás implantadas en 2018, cando a Tarxeta Benvida se estendeu ata o terceiro ano de vida da nena ou neno para aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior a 22.000 euros. En 2019 habilitouse a posibilidade de solicitala xa durante o embarazo, para que non fixese falta agardar ata o nacemento para comezar os trámites. Deste modo, o prazo medio de espera para as familias que escollen esta opción pasou de dous meses e medio a un mes.

A Tarxeta Benvida é unha das medidas implantada pola Xunta para que todos os fogares galegos teñan máis facilidades que nunca, tanto en axudas económicas como en materia de conciliación. Para acceder a esta axuda durante o primeiro ano a renda anual familiar deberá ser inferior aos 45.000 euros ou menor de 13.000 euros per capita.

Esta prestación está destinada a atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces e produtos de hixiene ou farmacéuticos. Pode empregarse en establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia, así como nas farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e, desde este ano, tamén nas ópticas.

Máis facilidades para conciliar

No que atinxe ás medidas de conciliación dirixidas a crear unha contorna amigable ás familias, Galicia conta hoxe con máis de 25.000 prazas de escola infantil sostidas con fondos públicos, o dobre que hai unha década. E, a partir do ano que vén, todas as escolas infantís serán gratuítas para os segundos fillos e sucesivos, unha medida pioneira en España.

Así mesmo, a Xunta dispón de liñas de axudas para a apertura de escolas infantís nos polígonos industriais, confrarías e cooperativas agrarias; do Bono concilia, prestación para axudar a pagar a escola infantil a aquelas familias que non puidesen acceder a unha praza pública; e do Bono coidado, para contribuír no custo que supón a contratación puntual dun coidador ou dunha ludoteca.

OS CRIADORES DE RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS GALEGAS BENEFICIARÁNSE DE CASE 3 MILLÓNS DE EUROS ATA 2022 PARA CONSERVALAS E RECUPERALAS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de seis convenios con outras tantas entidades e asociacións de criadores para apoiar as actividades que realizan estes colectivos a prol da súa recuperación, conservación e fomento***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun total de seis convenios con outras tantas entidades e asociacións de criadores de razas autóctonas gandeiras de Galicia, que suporán un investimento por parte da Consellería do Medio Rural de 2.976.000 euros ata o 2022. O obxecto destes acordos é apoiar as actividades que realizan estes colectivos a prol da recuperación, conservación e fomento das razas.

En concreto, autorízase a Consellería do Medio Rural a asinar un convenio co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde), cunha achega por parte do Goberno galego de 225.000 euros, para continuar coa execución de actividades de conservación dos recursos zoonéticos autóctonos das razas ovella galega, cabra galega e porco celta.

O segundo acordo establecerase coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga), cunha dotación de 1,2 millóns de euros, para a conservación, desenvolvemento e utilización sustentable dos recursos zoonéticos das razas e dos seus produtos derivados, fomentando o uso comercial destes como elemento clave para a súa conservación. Neste caso, as razas amparadas son as bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción (limiá, cachena, vianesa, caldelá e frieiresa), así como a ovella galega, a cabra galega e a galiña de Mos.

Un terceiro convenio asinarase coa Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega (Acruga) para impulsar o programa de consolidación e diversificación desta raza, cunha achega da consellería de 570.000 euros. Outro acordo subscribirase coa Asociación de Criadores de Raza Porco Celta (Asoporcel) por importe de 480.000 euros, para financiar actividades de recuperación, conservación e fomento desta raza porcina.

Por último, en relación co cabalo de pura raza galego, asinaranse dous convenios. Un deles coa asociación de criadores, por valor de 246.000 euros e outro coa Asociación Pura Raza Cabalo Galego, por importe doutros 189.000 euros. No primeiro caso, a finalidade do convenio é a conservación, o desenvolvemento e a utilización sustentable dos recursos zoonéticos da raza. No segundo, financiaranse actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes da raza en actividades deportivas, de exposición e ocio.

Riqueza xenética

Con todos estes convenios ponse de manifesto que a Xunta valora estas razas por representar unha riqueza xenética, un patrimonio inmaterial e unha oportunidade para as novas gandarías extensivas e de produción ecolóxica, ao seren razas cunha enorme

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

adaptación ás condicións climáticas de Galicia. Todos estes convenios están cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Como complemento a estas actuacións, a Xunta habilita cada ano, dentro das achegas da PAC, axudas para os titulares das explotacións que traballan coas razas autóctonas en perigo de extinción e que supoñen un esforzo orzamentario de 1,4 millóns de euros anuais.

Ademais, achéganse dende Medio Rural fondos para o fomento das razas, máis especificamente para a creación ou o mantemento de libros xenealóxicos ou do programa de mellora oficialmente recoñecido de cada raza. Son 200.000 euros anuais destinados ás organizacións ou asociacións de criadores recoñecidas pola comunidade autónoma. A convocatoria destas subvencións para 2020 saíu publicada recentemente no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA DESTINARÁ 41 MILLÓNS DE EUROS NO 2020 A FOMENTAR A MELLORA DAS EXPLOTACIÓNS E A REMUDA XERACIONAL NO MEDIO RURAL

- ***A convocatoria destas subvencións sairá publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia***
- ***En total son tres as liñas nas que se estruturan estas achegas: para plans de mellora das explotacións, para a incorporación de agricultores mozos e para pequenas explotacións***

As axudas da Xunta para fomentar a mellora das explotacións e a incorporación de mozos ao agro estarán dotadas no 2020 cun total de 41 millóns de euros. A convocatoria destas subvencións, que xestiona a Consellería do Medio Rural, sairá publicada no Diario Oficial de Galicia en breve.

O Consello da Xunta avaliou hoxe estas achegas, de grande importancia para mellorar as rendas dos agricultores e gandeiros, e que se estruturan en tres liñas. En primeiro lugar, convocaranse as axudas para os chamados plans de mellora das explotacións, que contarán cun orzamento de 24 millóns de euros. Están orientadas á mellora do rendemento global das explotacións, así como da súa competitividade e viabilidade.

En segundo lugar, as subvencións para fomentar a remuda xeracional no agro terán un importe de 14 millóns de euros e outorgaranse aos novos agricultores e gandeiros (que non teñan cumpridos os 41 anos de idade) e que se establezan por primeira vez nunha explotación agraria, mediante a súa creación ou incorporándose a unha existente, debendo permanecer na actividade durante un mínimo de cinco anos.

Por último, as axudas destinadas ás pequenas explotacións estarán dotadas con 3 millóns de euros. Consisten nunha prima única de 15.000 euros que terá carácter de pago a tanto alzado e concederase pola execución do plan empresarial ou plan de negocio, que terá unha duración de 18 meses.

Os obxectivos fundamentais destas subvencións pasan por mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e por avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e dun correcto equilibrio dos factores de produción para elas. Tamén, por fomentar o rexuvenecemento da poboación activa agraria impulsando a remuda xeracional que contribúa á mellora da competitividade, o fomento do emprego no sector agrario e na actividade da explotación, con especial consideración cara ás mulleres, á contribución ao mantemento da poboación no medio rural e a evitar o abandono das explotacións mellorando a súa dimensión.

Estas axudas teñen unha gran repercusión no medio rural, e non soamente para os beneficiarios, incrementan o número de mozos que se incorporan a actividade agraria, rexuvenecen pois a poboación activa agraria e evitan o despoboamento do medio rural.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por outra parte, a mellora das explotacións implica un gran número de axentes que participan neste labor, tales como as oficinas técnicas que elaboran os proxectos, os colexios oficiais que os visan, os concellos que conceden as licenzas de obra e as pequenas pemes de toda Galicia encargadas de realizar as obras contidas nos proxectos. Polo tanto, prodúcese un efecto multiplicador destas axudas, que dinamizan de maneira moi importante o noso medio rural.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DAS OBRAS DE REPARACIÓN DO TREITO DA ESTRADA LU-642 NO CONCELLO DO INCIO AFECTADO POR UN TEMPORAL DE CHOIVA

- *A intervención ten por finalidade reparar os danos causados na plataforma dunha curva situada a media ladeira desta estrada de acceso ao núcleo da Ferreira*
- *O importe desta actuación do departamento de Infraestruturas da Xunta rolda os 200.000 euros e o prazo de execución prolongarase durante 2 meses*
- *Neste momento está habilitado un carril da estrada para facilitar o acceso dos veciños e está elaborado o estudo xeotécnico para o desenvolvemento das obras*
- *Os traballos previstos inclúen a restitución da plataforma da estrada variando o trazado, de xeito que se separa a calzada da ladeira inestable, a restitución do firme e o sistema de contención de vehículo, e cuneta para evitar filtracións de augas*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe as obras de emerxencia para reparar o treito da estrada LU-642, de acceso a Ferreira do Incio, no concello do Incio, afectado por un temporal de choiva.

Segundo recolle a declaración de emerxencia, os traballos teñen por finalidade reparar os danos causados polo desprazamento do terreo sucedido o pasado 28 de novembro, que afectou a circulación e obrigou a intervir de modo inmediato para protexer a seguridade dos usuarios da estrada.

Este desprazamento afectou á plataforma dunha curva situada a media ladeira da estrada de titularidade autonómica LU-642, no treito entre a capitalidade do concello do Incio e o núcleo de A Ferrería, no punto quilométrico 21+400.

O importe desta actuación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade rolda os 200.000 euros, e considérase que o prazo para a súa execución se prolongará durante 2 meses.

Nun primeiro momento os medios de conservación de estradas da Xunta sinalizaron o desprazamento, cortando un dos carrís da estrada. Con todo, o día seguinte o desprazamento agravouse, comprobándose que o problema non só era da estrada, senón de toda a ladeira baixo ela ata a cota do río Antigua. Procedeuse ao corte total da estrada, xa que non se podía garantir un tránsito seguro por ela.

A intervención aprobada hoxe polo Executivo autonómico comezou xa o 4 de decembro, coa habilitación dun carril da estrada para restituír a circulación mediante a escavación do noiro de desmonte, dando tráfico alternativo mediante a instalación de semáforos.

Para o desenvolvemento da actuación o departamento de Infraestruturas da Xunta tamén considerou a necesidade da contratación dun estudo xeotécnico para a rápida toma de decisións. Este estudo é a ferramenta esencial para deseñar as actuacións de restitución da plataforma da estrada e de estabilización do terreo.

En canto aos traballos en execución e previstos, figura a restitución da plataforma da estrada modificando sensiblemente o trazado, de xeito que se desprace a calzada da ladeira



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

inestable o máximo tecnicamente viable. Isto é, escavando o noiro de desmonte sen afectar a súa estabilidade, e construíndo un muro de contención da plataforma na marxe oposta.

Por último, segundo o proxecto definido polo Departamento de Infraestruturas da Xunta, procederase a repoñerse o firme da calzada e o sistema de contención de vehículos con barreiras de seguridade e a nova construción de cunetas revestidas de formigón para evitar futuras filtracións das augas ao terreo.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á EXTENSIÓN DA GRATUIDADE DO TRANSPORTE PÚBLICO A TODOS OS MENORES DE 21 ANOS COA UTILIZACIÓN DA TARXETA 'XENTE NOVA'

- *Esta ampliación, que entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro de 2020, permitirá que os rapaces de ata 20 anos se beneficien desta iniciativa que ata agora se limitaba ata os 18 incluídos*
- *A Xunta, para materializar esta medida, destinará no ano 2020 unha partida de máis de 2,6 millóns de euros*
- *Os usuarios da tarxeta 'Xente Nova' poderán realizar de balde un total de 60 viaxes mensuais no transporte público regular por estrada*
- *Esta medida superará o actual ámbito territorial das áreas de transporte metropolitano e aplicaráse en calquera viaxe interurbana en todos os concellos*
- *A extensión a toda a comunidade realizarase de xeito progresivo, consonte a dotación de máquinas canceladoras nos novos contratos de transporte*
- *Unha vez que se implante en toda Galicia, poderá beneficiar a máis de 372.000 mozos, fronte aos 55.500 que utilizan a tarxeta actualmente*
- *A Xunta prevé a implantación dunha tarxeta virtual a través dos teléfonos móbiles, que poderá complementar ou substituír os actuais dispositivos*
- *Este programa social contribúe á economía das familias e fomenta entre os máis novos o uso do transporte público e dunha mobilidade sustentable*

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre a extensión da gratuidade do transporte público a todos os menores de 21 anos coa utilización da tarxeta 'Xente Nova', no marco do Plan de transporte público de Galicia.

O Goberno galego amplía o rango da idade dos usuarios deste dispositivo co que poden viaxar gratis no transporte interurbano. Así, a partir do vindeiro 1 de xaneiro de 2020 os mozos con idades comprendidas entre os 4 e os 20 anos poderanse beneficiar desta iniciativa que ata agora se limitaba ata os 18 anos incluídos.

A Xunta, para materializar esta extensión, destinará no ano 2020 unha partida de máis de 2,6 millóns de euros, o que supoñería un incremento de máis do 52% na bonificación, pois no ano 2018 realizáronse bonificacións por importe de máis de 1,7 millóns euros.

Os usuarios da tarxeta 'Xente Nova', tal e como vén funcionando dende a súa posta en marcha en 2016, poderán realizar de balde un total de 60 viaxes mensuais no transporte público regular por estrada.

Esta tarifa superará a partir de xaneiro o actual ámbito territorial das áreas de transporte metropolitano e resultará de aplicación en calquera viaxe interurbana que se efectúe en calquera concello da comunidade galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A extensión territorial a toda a comunidade realizarase de xeito progresivo, consonte a programación que aprobará a Xunta de acordo co proceso de dotación de máquinas canceladoras nos novos contratos de transporte.

A poboación obxectivo final de xuventude destinataria, unha vez que se implante en toda Galicia, é de máis de 372.000 persoas, fronte ás máis de 55.500 que na actualidade xa están a utilizar esta tarxeta.

O informe hoxe autorizado tamén establece que se continuará aplicando a tarifa 'Xente Nova' no transporte marítimo da área de Vigo e nos servizos ferroviarios da área de Ferrol, ao estar estes servizos integrados no Plan de transporte metropolitano.

O documento prevé, ademais, a innovación tecnolóxica, implantando unha tarxeta virtual a través dos teléfonos móbiles, que poderá complementar ou substituír os actuais dispositivos.

Programa social

O Goberno galego impulsa este programa, cunha clara compoñente social, co fin de contribuír á economía das familias, aliviando os gastos que ata o de agora lles podía supoñer o transporte metropolitano dos seus fillos.

A citada iniciativa tamén ten unha vertente educativa, ao facilitar o acceso á formación non obrigatoria, estendendo a gratuidade do transporte aos centros educativos e tamén a outros desprazamentos habituais dos mozos.

A medida prevé, ademais, o factor de sensibilización e concienciación, xa que coa tarxeta 'Xente Nova' se fomenta entre os máis novos o uso do transporte público e dunha mobilidade sustentable e respectuosa co ambiente.

A XUNTA XA TEN ORZADOS PRETO DE 102 M€ ATA 2021 A TRAVÉS DO PLAN DE FORMACIÓN PARA CONTAR CUNHA GALICIA MÁIS PREPARADA

- *Ofreceranse máis de 3000 cursos para mellorar a cualificación e impulsar a empregabilidade de preto de 35.500 galegos*
- *A Xunta prevé convocar nas próximas semanas os programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, os obradoiros duais e os programas integrados de emprego*
- *Os cursos, que se impartirán en centros de formación da Xunta, entidades locais, empresas, entidades sen ánimo de lucro ou unidades formativas das propias compañías, ofertaranse nas catro provincias e nos principais sectores económicos*

O Consello da Xunta informou hoxe das diferentes accións do Plan formativo que a Xunta xa ten en marcha e as que se convocarán proximamente co obxectivo de avanzar na prioridade de contar cunha Galicia máis preparada. Así, ata 2021 xa están orzados, nestes momentos, preto de 102 millóns de euros para a realización de máis de 3000 cursos dos cales se poderán beneficiar preto de 35.500 galegos -a maior parte, sete de cada dez prazas, dirixidas a persoas desempregadas-.

En xeral, trátase de programas que melloran a empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas galegas para facilitar o seu acceso ao mercado laboral, ao tempo que se dota a Comunidade dun capital humano máis formado de acordo ao mercado laboral, no caso dos cursos específicos para ocupados.

A Administración autonómica financia o 100% das accións formativas e ofrecerá unha liña de bolsas de axuda para facilitar a participación das persoas desempregadas nos cursos por un importe de 6,5M€.

Na oferta de cursos destacan varias iniciativas que se están tramitando polo procedemento anticipado de gasto para convocar, deste xeito, nas próximas semanas, como a posta en marcha de programas de emprego para persoas mozas cos que se prevé beneficiar a máis de 300 persoas desempregadas a través dunha vintena de programas cunha duración de 12 meses e cunha futura convocatoria de incentivos á contratación durante 6 meses.

É o caso tamén da nova convocatoria dos obradoiros duais de emprego, que beneficiarán a máis de 1400 persoas desempregadas. Serán 66 obradoiros, cunha duración de 9 meses e con incentivos á contratación durante 3 meses.

Por outra parte, tamén se tramitan polo procedemento anticipado de gasto os programas integrados de emprego que beneficiarán máis de 3300 persoas desempregadas. A previsión é celebrar unha trintena de programas de emprego, cunha duración de 12 meses e con obxectivos de inserción superiores ao 35% dos demandantes de emprego atendidos.

GALICIA ACADA BOA PARTE DOS SEUS OBXECTIVOS NA NEGOCIACIÓN DAS COTAS PARA 2020 E MANTÉN CASE AS MESMAS POSIBILIDADES DE PESCA QUE ESTE ANO

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o resultado do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea celebrado esta semana en Bruxelas e no que Galicia representou ás comunidades autónomas españolas***
- ***As cotas de captura de xurelo ao sur de Fisterra aumentan un 24%, na liña do que propoñían os científicos e fronte á baixada do 50% que defendía Bruxelas inicialmente, e a rebaixa na pescada sur redúcese ata o 5%***
- ***Os puntos febles da negociación foron os recortes na pescada do Gran Sol e no xurelo do Cantábrico polo seu estado biolóxico, aínda que deste último sobe ata o 80% a flexibilidade para traer recurso das zonas de Francia e do Norte***
- ***Bruxelas tamén expuxo a posibilidade de que os científicos fagan unha reavaliación da cigala no Cantábrico Noroeste, o que podería abrir a porta a retomar a actividade extractiva como demandaba Galicia***

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o resultado acadado no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea celebrado esta semana en Bruxelas, no que se acordaron as posibilidades de pesca para o 2020 nas augas do Atlántico e do Mar do Norte e no que Galicia acadou total ou parcialmente 15 dos 20 obxectivos de importancia sinalados pola comunidade autónoma para a negociación. Iso permitiu que no global de todos os TAC nos que Galicia ten cotas se manteñan practicamente as mesmas posibilidades de pesca que en 2019.

Galicia, a través da conselleira do Mar Rosa Quintana, acompañou ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación neste encontro como representante das comunidades autónomas españolas. O Executivo galego levou varios informes socioeconómicos para defender que a xestión dos recursos debe basearse no equilibrio entre os aspectos medioambiental, social e económico e, segundo especifica o informe, os avances neste eido permitiron mitigar algunhas das propostas do Executivo comunitario. Neste sentido, o documento reflicte que das 36 cotas principais que posúe España na área do Atlántico europeo soben 10, mantéñense nove e baixan 17.

Os resultados acadados neste encontro permiten manter a actividade do sector pesqueiro e o equilibrio social, económico e medioambiental na xestión pesqueira tendo en conta que a proposta de partida de totais admisibles de capturas (TAC) e cotas da Comisión Europea era unha das máis duras dos últimos exercicios.

Un dos aspectos que permiten o mantemento da actividade da frota galega é o avance na cota de xurelo ao sur de Fisterra, para a que Bruxelas propoñía un recorte próximo ao 50% e que se conseguiu cambiar por un incremento do 24%, na liña do que defendían os científicos.

Mentres, no xurelo do Cantábrico, un recurso que non se atopa en bo estado biolóxico, mantense a rebaixa proposta inicialmente do 41% pero logrouse elevar do 50% ao 80% a flexibilidade para traer recurso das zonas de Francia e do Norte, o que axudará a tratar de manter estable a frota.

No caso da pescada sur conseguiuase mellorar o punto de partida ao pasar dunha proposta de recorte do 19% a unha baixada do 5%. Para esta especie Galicia sempre defendeu o mantemento da cota de 2019. Entre as melloras nos TAC para 2020 tamén está a da xarda, do 41%, un incremento positivo para contribuír a paliar as perdas do cerco e do arrastre, así como das artes menores. Á xarda súmase o aumento da cota de rapante, nun 24%, e o mantemento das posibilidades de pesca da raia.

O informe analizado hoxe amosa que o punto máis feble da negociación dos TAC e cotas de 2020 é o da pescada de Gran Sol pois mantívose a redución do 21% das posibilidades de pesca. Neste caso os informes do estado biolóxico da especie pesaron máis que os estudos socioeconómicos aportados ao respecto, polo que Galicia vai analizar o impacto socioeconómico que este recorte pode provocar así como a incidencia ao tratarse dunha especie que podía servir para intercambios con outros países por outras especies. Ademais a comunidade autónoma galega estará atenta a como evoluciona a actividade no 2020 e traballará para comprobar o impacto que este recorte pode ter no desenvolvemento da frota galega.

Nova avaliación da cigala

O documento no que se avalían os resultados das posibilidades de pesca para 2020 tamén destaca como un punto de esperanza o da cigala do Cantábrico, para a que Galicia pedía a reapertura da pesqueira tras tres anos pechada e sobre a que a Comisión Europea expuxo a posibilidade de que os científicos do Instituto Español de Oceanografía (IEO) e do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) fagan unha reavaliación do recurso, o que podería abrir a porta a retomar a súa extracción.

O Consello de Ministros de Pesca acordou ademais manter a bolsa para todos os estados membros coa que facer fronte á obriga de desembarque e que evita que as especies accesorias, aquelas de escasa relevancia de captura, funcionen como especies de estrangulamento impedindo a actividade da frota. Esta medida afecta a varias poboacións, como o bacallao, das que España non ten cota.